

MARÍA ZAMBRANO - TEXTO 1

PRESENTACIÓN DO TEXTO: O texto pertence "*Pensamento e poesía na vida española*". Escrito e publicado en México no ano 1939, responde a un momento moi delicado da historia e do pensamento español. Zambrano vive este difícil momento con a necesidade de presentar un novo renacer; un novo saber, unha nova maneira de abordar o coñecemento.

PRESENTACIÓN VITAL: incluír : 1) a súa emigración obrigada porque marca moito a súa obra 2) que non tivo ningún recoñecemento ata moi tarde cando volta ao Estado Español xa moi maior 3) que é a 1ª muller a quen se lle outorga o Premio Cervantes en 1988.

TEMA DO TEXTO: O saber entre a RV e a RP; O saber entre a filosofía (raciocinio) e a poesía (sentimento); a particularidade do pensamento español entre a RV e a RP.

DESARROLLO TEXTO:

O texto iniciase con esa diferenciación entre as dúas maneiras de coñecer que son a filosofía e a poesía. A crítica ao predominio da razón (1 a 6 liñas) que situou todo o pensamento europeo dun lado sen atender a ningunha outra forma de coñecemento.

Zambrano da unha alternativa, e di que esa alternativa é precisamente a tradición do pensamento español situado a medio camiño; escapa do raciocinio que universaliza e que escapa das cousas concretas e é capaz de traballar dende a vida, as cousas concretas, os sentimentos (liñas 7 a 15). Refírese á tradición mística española pero tamén reivindica o pensamento de Unamuno o de Machado.

Polo camiño do raciocinio socrático nunca atoparase o coñecemento real das cousas porque o sentimento desaparece, ocúltase (liñas 14/15 "A ese dificilmente ..."). En cambio a través da RP, que non é *alexeia* (non é descubrimento da verdade racional baixo a aparencia caótica) (liña 18), se que aparece como unha revelación espontánea o coñecemento; non é unha conquista, non é un sometemento da *physis* á razón; é escoitar o seu propio latexo e comprender. O pensamento de Zambrano, non é coñecemento abstracto, é unha procura existencial. O coñecemento non é dominio e escoitar e sentir. A RP de Zambrano propón ese sentimento como o camiño da comprensión; un camiño sempre alerta para escoitar e sentir a vida. (liñas 19 a 25)

CONCLUSIÓN:

O pensamento de Zambrano é moderno, orixinal, valente e xoga un papel fundamental no panorama decadente dos anos da ditadura. Inclasificable, o seu pensamento sóese achegar aos pensadores e escritores da xeración do 27 . Zambrano inspira a filósofos actuais como Eugeni Trías e deixou un poso en latinoamérica en filósofos como Octavio Paz,

Tamén temos que resaltar a súa achega á loito polo recoñecemento da muller no mundo da intelectualidade polo Premio Cervante e pola obra filosófica que legou.